

Elabora unha composición explicando as reformas políticas e administrativas dos Borbón despois da guerra de sucesión. Debes salientar:

1. As causas, as características xerais e os obxectivos da *Nova Planta* aplicada por Filipe V na administración e na estrutura territorial da monarquía hispánica: medidas centralizadoras e creación de novas institucións.
2. A reorganización do goberno e da administración estatal na península e nas colonias americanas durante o século XVIII.
3. Os obxectivos principais da política exterior borbónica durante a centuria e as consecuencias da mesma ata 1808.
4. As consecuencias inmediatas da revolución francesa na gobernación de España durante o reinado de Carlos IV.

Docto. 1: Decretos de Filipe V

- “Xulguei por convinte [...] abolir e derrogar enteiramente ... todos os referidos foros, privilexios, prácticas e costumes ata aquí observados nos referidos reinos de Aragón e Valencia; sendo a miña vontade que estes se reduzan ás leis de Castela, e ó uso, práctica e forma de goberno que se ten e se tivo nela e nos seus Tribunais sen diferenza algunha en nada; podendo obter por esta razón os meus fidelísimos vasallos, os casteláns, oficios e empregos en Aragón e Valencia, da mesma maneira que os aragoneses e valencianos han de poder en diante gozalos en Castela sen ningunha distinción”. (xuño de 1707).

- “1. Por decreto de 9 de outubro..., pacificado enteiramente polas miñas armas o principado de Cataluña, tocaba á miña soberanía establecer goberno nel... e a este fin... resolvín que no referido principado se forme unha Audiencia, que presida o capitán xeneral ou comandante xeneral dos meus exércitos, de maneira que os despachos, despois de comezar co meu ditado, prosigan no seu nome...

2. A Audiencia xuntarase nas casas que antes estaban destinadas para a Deputación...

3. As causas na Real Audiencia resolveranse en lingua castelá”.

Docto. 2: Tratado de paz entre as monarquías de España e Gran Bretaña.

Art.4. O rei da Gran Bretaña cede en toda propiedade a S.M.Católica a illa de Menorca.

Art.5. S.M. británica cede así mesmo en absoluta propiedade a Florida.

Art.6. Sendo a intención das dúas altas partes contratantes evitar en todo o posible os motivos de queixa e discordia a que anteriormente deu ocasión a explotación do pau de tintura de Campeche... acórdase expresamente que só súbditos da S.M. británica poderán cortar, cargar e transportar pau de tintura de Campeche no distrito que se comprende entre os ríos Valiz e Hondo...

Art.7. S.M. Católica restituirá a Gran Bretaña as illas de Providencia e de Bahamas sen excepción no mesmo estado en que estaban cando foron conquistadas polas armas do rei de España.

Docto 3: Valentín de FORONDA, *Cartas escritas de M. de Fer.* 1783. [trad. do orix. en castelán]

Esta provincia [Guipúscoa] está chea de foros e de privilexios, e os seus naturais estímanos tanto que aínda que se lles brinde con moitas vantaxes, non as admitirán, como chegue a rozar con eles, aínda que hai moitos que lonxe de ser útiles lles son prexudiciais... Nada importa con tal que se chamen foros, cuxa voz é tan bonita e afagadora para os seus oídos que se arrouban ao pronunciala. A xente instruída ri desta graciosa insensatez, pero non se atreve a manifestar o seu modo de pensar, temerosos de ser vítimas da ignorancia e da porfía do pobo. Acórdanse moito os cabaleiros guipuscoanos da machinada [revolta popular do ano 1718], en que foron asasinados unha multitude de nobres de primeira distinción, e queimadas as súas casas, porque eran de contraria opinión ao torrente dos seus paisanos e adheríanse ás intencións do seu Monarca, cando quixo establecer aduanas ao pé dos Pireneos na xurisdición de Guipúscoa... O amor patriótico... está apoderado de todos os biscaíños (este mesmo espírito patriótico está infundido entre os alaveses e guipuscoanos).

Docto. 4: Conde de Floridablanca, *Informe ao Rei Carlos IV* (1791).

“O incendio en Francia vai medrando e pódese propagar como a peste, encontrando disposta a materia nos pobos da fronteira ... A necesidade de formar un cordón contra esta peste apremia máis cada día e é preciso arrimar a certos puntos da raia todas as tropas posibles nas provincias de Guipúscoa e Biscaia, reinos de Navarra e Aragón e pincipado de Cataluña. O mando principal do cordón deberá estar a cargo dos capitáns xenerais ...”

Docto. 5: X. Montero Aróstiegui, *Historia e descripción da vila e departamento de Ferrol*. 1858 [trad. do orixinal en castelán]

Corría o día 25 de agosto do ano 1800 cando a expedición inglesa, mandada polo almirante Waren, se presentou fronte as costas de Ferrol. Estaba formada por sete navíos de guerra, dous deles de tres pontes; seis fragatas, cinco bergantíns, dúas balandras, unha goleta e oitenta e sete buques de transportes, que conducían... segundo os papeis oficiais de Inglaterra, un exército de 13.000 homes, pero pola declaración dun mariñeiro francés que viña prisioneiro, estaba formada por 15.000 entre infantería, cabalería e artillería... Fondearon e prepararon o seu desembarco na praia de Doniños... a nove quilómetros de distancia... Mentres que avanzaban case sen oposición polas solitarias ribeiras, tomábanse rápidas disposicións... e reunida a guarnición dos buques da escuadra en número duns quingentos homes... Púxose esta columna ao mando do capitán de navío Xoán de Dios Topete e saíu precipitadamente a ocupar as alturas de Brión para facer fronte ao inimigo e impedir que avanzase sobre a cidade... Cando o capitán xeneral soubo destes movementos polo vixía da Torre de Hércules, enviou reforzos que ocuparon as alturas de Chamorro... O inimigo, vendo o resultado dos seus infrutuosos ataques, a actitude guerreira dos buques e baterías... E a decisión dun pobo disposto a resistir vigorosamente, unido á feliz circunstancia do cambio de tempo... iniciou o reembarco, de modo que só conseguiron os invasores dominar as nosas costas durante trinta e seis horas.

Docto. 6: J. TOWNSEND. *Viaxe por España* [nos anos 1786-1787]. 1791 [trad. do orix. en inglés].

Carlos III non foi considerado un home de grandes dotes, pero todos os que o coñecen admiran a bondade do seu corazón, e de feito é imposible velo sen recoñecer con claridade nel trazos de benevolencia e honestidade. Como home de principios considera que o seu deber principal é promover a felicidade do seu reino... Á hora de escoller aos seus ministros, unicamente ten en conta o ben dos seus súbditos, e hai que confesar que, polo xeral, a súa elección foi acertada... O seu Primeiro ministro actual, o conde de Floridablanca [Xosé Moñino], é un home de grandes habilidades, de rectas intencións e que traballa infatigablemente. Seu pai foi escribán episcopal en Murcia. El mesmo foi admitido moi novo na casa de Benavente como avogado do duque de Arcos e baixo a súa protección chegou a ser fiscal. Neste cargo destacou por apoiar as ideas do conde de Aranda en favor da expulsión dos xesuítas... Despois foi enviado como embaixador a Roma... e de alí foi chamado polo rei para que dirixise os seus Consellos... Todos aqueles que teñen o honor de estar ao lado do conde de Campomanes admiran a extensión ilimitada dos seus coñecementos en todas as ciencias e a bondade do seu corazón, que dirixe todos os seus esforzos e atencións a un único obxectivo: a prosperidade do seu país. Aínda que brilla en todas as ramas do saber, destaca particularmente en Dereito, Historia e Economía. O posto que ocupa non o debe máis que a si mesmo e ao clamor da nación... Para un inglés pode resultar sorprendente comprobar que todos os postos importantes están ocupados por homes que saíron de estratos máis baixos e, en ningún caso, por persoas distinguidas ou Grandes de España. Estes están precisamente onde se merecen, facendo funcións de axudantes de cámara do rei ou como cabaleirizos maiores, agrupados arredor do trono, compartindo con el o seu esplendor, mentres que o traballo e a responsabilidade que implica a administración do Estado déixase nas mans de personaxes mellor cualificados que eles para levar esta carga. En Inglaterra ocorre exactamente o contrario. Os homes de condición prepáranse desde a infancia para cargos importantes... En España, pola contra, os nobres están adormecidos. Satisfeitos coas súas riquezas e honras herdadas, non viven máis que para o pracer”.

Docto. 7: Breve e compendiosa nova da causa e sentenza dada polo Santo e Supremo Tribunal da Inquisición contra don Paulo Olavide. 24-11-1778 [trad. do orixinal en castelán]

Formado o Tribunal polos inquisidores da Corte... saíu don Paulo Olavide en calidade de reo sen insignia da Orde de Santiago, da que estaba degradado de antemán...; permitíuselle sentar no banco e nesta disposición oíu todo o extracto da súa causa, durando este acto desde as oito da mañá ata as dúas e media da tarde.

Como a causa é tan extensa, só se pode dicir en compendio que estaba chea de excesos e libertinaxes...; negaba a maioría dos dogmas da relixión católica..., burlábase das prácticas piadosas..., negaba a suprema autoridade do Papa..., que era inútil a invocación e intersección dos santos..., que eran inútiles moitas misas aos defuntos..., negaba o inferno e non recoñecía máis accións malas que o homicidio e o furto..., non permitiu que se publicase a bula da cruzada porque negaba as indulxencias..., tiña moitas pinturas obscenas.... Facía alarde en público de celebrar as máis perversas máximas de Montesquieu. Tivo trato e comunicación con Rousseau e Voltaire e este último recomendoulle a un amigo seu de París, cunha carta que traducida di: “Vai don Paulo Olavide, home que sabe pensar, é español, e non como os seus bárbaros compatriotas, pensa mal do catolicismo e da Inquisición e se Madrid tivese cen homes coma el sería Madrid outro París”...

Penas: Que se lle confisquen todos os seus bens; oito anos de reclusión...; que estea baixo un director douto que lle ensine e fortifique na doutrina cristiá... Que xamais poida vestir nin usar seda, veludo, galóns de ouro e prata, nin pedras preciosas, e só gaste un pano común e de pouco custo; que sexa desterrado mentres viva de Madrid, Sitios Reais, novas poboacións de Serra Morena, como tamén da cidade de Lima.